



CONVENIO COA “FUNDACION SECRETARIADO GITANO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA OPERATIVO DE INCLUSIÓN SOCIAL E DA ECONOMIA SOCIAL_ FONDO SOCIAL EUROPEO 2014-2020

En Vigo, 01 de agosto de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo

Doutra, don Isidro-Juan Rodríguez Hernández con DNI 50804366-B , Director da Fundación Secretariado Gitano, CIF nº G83117374 e endereço social en Ahijones s/n, 28018 Madrid, na representación da mesma, segundo poder acreditado de data 23/08/2011 co nº de protocolo 875 do notario don Fernando Sánchez-Arjona Bonilla, que figura na documentación aportada dentro do expediente 15146/77. Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

MANIFESTAN

A construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan áinda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos e todas no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións a bens e servizos da comunidade.

Que as directrices para o crecemento intelixente, sostible e integrador, apostan polo fomento dunha economía con alto nivel de emprego que teña cohesión social e territorial, como expresamente se recoñece na Comunicación da Comisión Europea COM 2010-2020 final: “EUROPA 2020: Unha estratexia para o crecemento intelixente, sostible e integrador” do 3 de marzo de 2010, que aposta por un crecemento integrador dando protagonismo ás persoas mediante altos niveis de emprego, invertindo en cualificacións, loitando contra a pobreza e modernizando os mercados laborais e os sistemas de formación e de protección



social para axudar ás persoas a anticipar e xestionar o cambio, e a construir a unha sociedade cohesionada.

A sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quenes teñen acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facer esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplio aos coñecementos e loitar contra o desemprego.

O emprego é a mellor e más segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnalaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Tanto o Concello de Vigo como a Fundación Secretariado Gitano conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conlleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como as do propio Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco de dispersión dos recursos dispoñibles.

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



I.- Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos de Inclusión Social e Economía Social, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio; e que teñen como obxectivo esencial a inclusión social da poboación xitana dende o punto de vista da formación e o emprego.

II.- Que o Concello de Vigo, en atención a estas consideracións, desexa estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos ciudadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, asinan o presente Convenio de subvención nominativa.

III.- Que nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese social e laboral, como son:

- A cualificación profesional e o acceso de persoas xitanas a profesións e empregos por conta allea, atendendo ás súas demandas de acordo ás ofertas de contratación por parte das empresas.
- Achegamento e adaptación dos servizos xerais de formación profesional e emprego aos xitanos e xitanas desempregados, para que podan acceder a estes como resto dos ciudadáns.
- A sensibilización sobre os prexuízos e prácticas discriminatorias das que as persoas xitanas son víctimas, así como a mellora progresiva da súa imaxe social.
- A xeneralización de políticas más activas para a comunidade xitana con obxecto de mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos..

Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento para o ano 2018 contempla a partida 2410 4890002, onde se prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, ao fin de regular os termos da



concesión da devandita subvención, que ten por obxecto a realización das actividades que se describen no parágrafo I do apartado dos Pactos.

V.- Que a entidade Fundación Secretariado Xitano non está incursa en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracóns responsables e certificacións que se achegan no expediente.

VI.- O presente Convenio ten por obxeto fixar os términos de colaboración entre os firmantes para o desenvolvemento das accións que se dirixirán á Poboación Xitana no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020 e do Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020, que o Ministerio de Emprego e Seguridade Social encargou como organismo beneficiario á FSG a través da Resolución 105 e 106 de 28 de Decembro de 2015, publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) de 5 de xaneiro de 2016, para a execución do proxecto de Itinerarios integrados de Inclusión Socio-Laboral para a poboación xitana, enmarcada na Prioridad de Inversión 9.2 *Integración socioeconómica de comunidades marginadas tales como a poboación romaní e no Objetivo Temático 8.2 sobre a integración sostible no mercado de traballo dos xóvenes que corren o risco de sufrir exclusión social e os procedentes de comunidades marxinadas.*

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e laboral que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación Secretariado Xitano, o Concello de Vigo e a dita fundación conveñen a súa colaboración no ámbito socio-laboral e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Fundación Secretariado Xitano comprométese a colaborar coa Concellería de Emprego do Concello de Vigo en canto á mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade xitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de políticas sociais más activas coa mesma; e concretamente, a desenvolver na cidade de Vigo as seguintes actuacións:



- Accións de orientación socio-laboral cuxa finalidade será a acollida, orientación laboral, orientación socioeducativa, acompañamento e acceso da poboación xitana, a formación e o emprego. Este centro estará ubicado en Vigo e atenderá a poboación xitana e outra poboación en situación de vulnerabilidade social que habita no mesmo, así como nas suas áreas de influencia.
- Accións de difusión do servizo e os recursos para o achegamento da poboación xitana aos mesmos.
- Accións de diagnóstico e avaliação competencial, que permitirán a definición do perfil personal e profesional e o diseño do itinerario socio-laboral.
- Avaliación social: para a medición de barreiras e condicionantes persoais, familiares e sociais que impidan/faciliten o itinerario a desenvolver.
- Avaliación competencial Emplea +: valoración das competencias básicas, transversais e profesionais precisas para a incorporación ó mercado laboral.
- Establecemento do perfil/obxectivo profesional consensuado e diseño do itinerario personalizado de inserción laboral por conta propia.
- Avaliación das competencias emprendedoras para o desenvolvemento dun itinerario personalizado de inserción laboral.
- Avaliación socio-familiar: no caso de familias en situación de exclusión e pobreza severas, de maneira que se identifiquen os aspectos básicos suxeitos a intervención coordinada con outros servizos para iniciar su proceso de inclusión socio-laboral.
- Accións de activación e motivación cara o mercado laboral e o retorno educativo (segunda opción), así como de mantemento no sistema educativo, facendo especial fincapé na muller xitana.
- Accións de orientación laboral e acompañamento na búsqueda de emprego: estas accións contemplan unha serie de actuacións dirixidas á autonomía na búsqueda de emprego da persoa, mediante o coñecemento dos recursos, o mercado laboral, estratexias de comunicación, o uso de novas tecnoloxías, a organización familiar e persoal, dereitos e deberes laborais.
- Accións de orientación educativa que consisten na realización dun acompañamiento ó alumnado e as súas familias para que ambos poidan mellorar as súas competencias e lograr o éxito escolar. Mediante entrevistas individualizadas cos pais e nais traballánse aspectos que son clave para lograr o obxectivo, mentres que as tutorías co alumnado permiten traballar de xeito individualizado detectando as dificultades que poian ir xurdindo.
- Accións de mellora das competencias educativas, profesionais, básicas e transversais, tales como:
- Accións de motivación e sensibilización cara a mellora da cualificación.
- Accións de formación en competencias básicas e transversais.
- Accións de formación profesional en colaboración con empresas.





ACTIVIDADE		USUARIOS OU PARTICIPANTES (estimados)	
		TIPO	Nº
G	DESENVOLVEMENTO XERAL DO PROXECTO ACCEDER	PERSOAS XITANAS	200
1	COMPETENCIAS CLAVE	PERSOAS XITANAS	15
2	OPERARIO DE ALMACEN	PERSOAS XITANAS MENORES DE 30 ANOS	10
3	MARCA PERSOAL E BUSQUEDA DE EMPREGO EN REDES SOCIAIS	PERSOAS XITANAS MENORES DE 30 ANOS	20
4	LIMPEZA INDUSTRIAL.	PERSOAS XITANAS	10

- Accións de formación e de reforzo educativo para a obtención do graduado en ESO e a continuidade en estudos postobrigatorios.
- Accións de formación en diversidade e igualdade de trato.
- Accións de intermediación con empresas que permitan adecuar a intervención ás necesidades do mercado laboral, así como facer de ponte entre a empresa e a poboación xitana.
- Accións de mentoring en empresas, para motivar na continuación de estudos obligatorios e postobrigatorios dende a realidade da empresa.
- Accións de apoio ó emprego protexido, que permitan a transición ó mercado laboral ordinario daquelas persoas que están en situación de vulnerabilidade extrema.
- Elaboración de estudos e informes sobre a poboación xitana nos ámbitos do emprego, a educación, a vivenda, a pobreza e a exclusión social, así como a súa difusión e transferencia de coñecemento en xornadas e eventos públicos.
- Accións de formación, información e sensibilización cara a poboación xitana, as administracións públicas e institucións, as empresas, os medios de comunicación, outros axentes clave e a sociedade en xeral.
- Accións de promoción da igualdade de trato, loita contra a discriminación e asistencia a vítimas. Desenvolvemento dunha serie de actuacións de asesoramento e apoio dirixidas a impulsar políticas sociais mais activas coa Comunidade Xitana. Estas actuacións irán dirixidas ás entidades públicas e privadas, que traballan directamente coa poboación xitana e con competencias na implantación ou desenvolvemento de políticas de inclusión sobre a mesma; especialmente administración pública autonómica, local e entidades sociais. O desenvolvemento destas accións realizaranse a dous niveis: parte delas



dirixiránse con carácter xeral ó conxunto de Comunidades Autónomas que participan no Programa Operativo; parte delas realizaránse en exclusiva para a Comunidade Autónoma de referencia deste Convenio. Anualmente a Comisión de Seguimento, prevista na cláusula octava, será consultada para aqueles que se desenvolvan a nivel estatal e decidirá as que se executen con carácter exclusivo na Comunidade Autónoma.

En xeral cumplir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1.Unir esforzos e actuar coa Fundación Secretariado Gitano para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos ciudadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego.
- 2.Conceder directamente á Fundación Secretariado Gitano, unha subvención por importe de 16.000,00 euros (*DEZASEIS MIL EUROS*), *con cargo á partida 2410 4890002, do vixente orzamento*, co obxecto de cofinanciación das actividades que no parágrafo I do apartado de Pactos se describen no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020, para a execución das accións do Programa Acceder.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá



superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumplir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacions establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A Fundación Secretariado Gitano non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumplirá os seguintes requisitos:



- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integralmente en idioma galego.
- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
- De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
- As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderá conllevar unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellería Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos.

Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

Oitavo.- En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Noveno.- A beneficiaria, **antes do 17 de outubro de 2018**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda



(Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.



A memoria económica da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "FIC".



papel, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarase, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, trancorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen **ata o 30 de setembro de 2018**.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local



emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumplida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezzación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demás actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Fr



Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

Décimo séptimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola Fundación Secretariado Xitano, no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de derecho administrativo, e no seu defecto, as normas de derecho privado.

A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e actuando como secretario/a o outro representante do mesmo, e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta do Concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado.

Décimo novena.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- a) A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.
- b) A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.
- c) A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.

JR



- d) Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.
- e) Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico


A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.

Vixésima.- Prazo de vixencia do convenio. A vixencia do convenio será dende a data de sinatura ata o 31 de decembro de 2018.


E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, 1 de agosto de 2018

O Director da Fundación Secretariado Gitano


D. Isidro-Juan Rodríguez Hernández



O Alcalde de Vigo


D. Abel Caballero Álvarez